

X ASEMBLEA XERAL DA FEGAMP

Santiago de Compostela, 29 de Novembro de 2019

FINANCIAMENTO, COMPETENCIAS E SERVIZOS

As entidades locais son unha administración clave dentro da organización territorial do Estado. Ao longo da historia, os concellos sempre tiveron un importante papel de cara aos cidadáns como administracións máis achegada a eles. Trala promulgación da Constitución Española de 1978
5 abriuse unha nova vía có nacemento das Comunidades Autónomas que variou substancialmente esa organización territorial, pero os concellos mantiveron esa condición de pilar fundamental que non sempre foi recoñecido a nivel financeiro e xurídico.

Despois da crise económica que se viviu nos últimos anos, e que afectou
10 tamén de forma directa ao municipalismo, consideramos que a resposta dos concellos foi excepcional, a pesar das enormes dificultades sobrevidas e polas propias normativas restritivas, nalgúns casos moi cuestionables.

Cremos que esta demostración de responsabilidade coa xestión dos recursos debера ser o pulo definitivo para rematar coa desconfianza e
15 tutela recorrentes e inxustificadas que as outras administracións teñen cara os concellos, tanto na prestación dos servizos coma na xestión dos recursos.

Lamentablemente o escenario é ben diferente, de xeito que as entidades locais se converteron no comodín perfecto para compensar as ineficiencias
20 financeiras dos demais a costa de restarlles capacidade para desenvolver

servizos básicos da súa competencia, unha situación que a podemos resumir nestas liñas:

- 25 • Non hai unha política global e integrada cara ás entidades locais, evítase a regulación dun xeito ordenado do marco competencial e financeiro de cada administración.
- Tres lustros cun mesmo sistema de financiamento da participación nos ingresos do estado amosa un inmovilismo absoluto nun dos piares básicos dos concellos.
- 30 • As entidades locais non poden utilizar o seu superávit nalgúns servizos esenciais e prioritarios para o desenvolvemento local, e a súa aplicación limitada sempre se produce a expensas da autorización tardía e anual do uso dos seus propios aforros.
- 35 • O excesivo control de gasto aplicado de forma xenérica, tamén aos cumpridores, inmensa maioría no eido local, convértese en estancamento e política antieconómica que se traduce nunha burocracia paralizante que dificulta a realización de políticas desenvolvemento local e a prestación de servizos áxiles e de calidade.
- 40 • As normativas recentes non só non serviron para poder levar a cabo os importantes obxectivos que se lle confire aos entidades locais senón que están a dificultar económica, técnica e xuridicamente aos concellos.

En clave galega, os estudos realizados nestes últimos anos acreditan que os ingresos dos concellos están supeditados a diversos factores máis aló do seu número de habitantes. Na diversidade que caracteriza ao

45 municipalismo galego atopamos múltiples casuísticas que determinan a maior ou menor capacidade económica e o grao de dificultade da xestión dos servizos que deben prestar as nosas entidades locais.

En canto ao sistema de financiamento estatal dos concellos, a PIE, a análise do modelo implantado no ano 2004 vixente a día de hoxe denota multitude
50 de ineficiencias que se foron acrecentando ao longo do período postos de manifesto en informes económicos que na materia se realizaron dende a FEGAMP.

Os criterios técnicos utilizados están a xerar uns desequilibrios evitables. Como exemplo podemos poñer o que sucedeu en diversos anos do período: As cuantiosas devolucións que os concellos tiveron que acometer
55 nos anos 2008 e 2009, o efecto da suba dos tipos de IVE do dos que se deixou fora de participación ás entidades locais, a limitación dos impostos nos que se participa, o efecto negativo do céntimo sanitario na participación das entidades locais que requiriu da intervención da FEGAMP
60 no Consello Territorial da FEMP e có Ministerio de Facenda para evitar que os concellos e deputacións galegas tiveran unha perda de **30 millóns de euros** e o recente efecto da aplicación do SII do IVE, que salvo modificación na normativa vixente suporá unha perda de **máis de 50 millóns de euros** para as nosas entidades locais.

65 En canto aos criterios de reparto da PIE foron moi prexudiciais para os concellos galegos que acumularon neste período un diferencial negativo respecto á media estatal que supera os **1.700 Millóns de Euros** cuantificado en euros por habitante. Así mesmo, os concellos maiores de 500.000 Habitantes (ningún galego) triplican cada ano o que perciben de
70 media os concellos menores de 20.000 Habitantes en termos per-cápita. Estes 6 concellos representan ao 17% da poboación e perciben un terzo da contía total a costa dos restantes grupos de concellos.

75 Con respecto ao financiamento a través de transferencias e subvencións da Comunidade Autónoma, valórase positivamente a evolución da Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma que nestes últimos anos permitiu que a través do fondo adicional se tiveran en conta criterios que axudan a equilibrar o sistema financeiro dos concellos.

80 Pero na outra vertente do actual financiamento local segue a existir número significativo de contías recibidas anualmente a través de subvencións da Comunidade Autónoma e Deputacións Provinciais, o que xera que servizos xa consolidados no ámbito local e esenciais para os cidadáns non conten coa estabilidade necesaria, pola caída das contías e por esa dependencia anual do mantemento ou non da subvención e da variación do seu importe, que provoca unha notable inseguridade xurídica e económica.

85 No gasto e xestión orzamentaria, os datos máis recentes avalan o compromiso das entidades locais galegas. A diferenza da administración xeral do Estado e do conxunto das Comunidades Autónomas, as entidades locais levan xerando dende o ano 2012 superávit nas liquidacións anual dos seus orzamentos, e a pesar disto, a regra de gasto limita as accións de
90 moitas entidades locais solventes

Ademais, durante estes anos vivimos situacións que supoñen un retroceso en canto aos compromisos asumidos conxuntamente entre a Comunidade Autónoma e as entidades locais: a atribución de competencias ás entidades locais a través de normativas sen dotar o financiamento preciso; outras que
95 derivaban nunha redución dos ingresos dos concellos ou un incremento de gasto sen dotar unha partida económica compensatoria, unha redución sistemática de financiamento en certos ámbitos que ten que ser asumido polos concellos, unha parálise en canto aos acordos adoptados en relación a asunción da xestión por parte da Xunta de Galicia de determinados
100 servizos da súa competencia (gastos dos centros educativos de infantil e

primaria, Conservatorios e UMADs entre outros) e certas desafortunadas inxerencias na autonomía local dos concellos.

105 O municipalismo galego ten un proxecto para o futuro das entidades locais que melloraría substancialmente o papel dos concellos e da administración en xeral, dotándoos dunha capacidade de intervención para a mellor resolución dos problemas cotiás da cidadanía sen perder de vista o rigor sobradamente acreditado coa estabilidade e sostibilidade financeira.

110 Un proxecto que entendemos esixe profundas pero posibles reformas, e cuxas bases están contidas nas disposicións aprobadas pola *Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas para a reforma que rexe a normativa das facendas locais*, comisión multidisciplinar formada por cargos electos das diferentes formacións políticas representadas na Fegamp, técnicos desta Federación, profesores da USC e altos funcionarios da administración local, cunha acreditada cualificación e especialización nas
115 materias abordadas.

Estas resolucións axudarían a reordenar as finanzas das entidades locais en termos de suficiencia financeira e un máis xusto, adecuado e equilibrado reparto dos recursos; a un aproveitamento eficiente dos mesmos dende o punto de vista da xestión orzamentaria; a unha optimización das
120 competencias e servizos que cada quen ten que desenvolver; a establecer fórmulas de xestión dos servizos coa necesaria calidade nunha planta local galega con especiais dificultades territoriais.

En relación coexposto, no eido da Financiamento, competencias e servizos, propónse á Asemblea Xeral para a súa aprobación as seguintes

125

RESOLUCIÓN

TRIBUTACIÓN LOCAL

Resumo do estado de situación: O sistema tributario local debe ser abordado na súa globalidade, realizando os axustes técnicos necesarios en cada unha das liñas tributarias. En determinados impostos e taxas que cobran os concellos tamén se visualizaron ineficiencias que deben ser subsanadas, para dotarlle dunha maior concreción ao marco vixente e un incremento da autonomía na xestión aos concellos.

130 **Primeira.**-Solicitar que as ponencias de valores que presentan na súa gran maioría antigüidades superiores a 10 anos, sexan obxecto de revisión periódica para evitar ter que someterse a actualizacións por coeficientes que sempre resultan menos axustadas á realidade. Singularmente, é imprescindible unha reforma profunda e urxente do catastro como pilar fundamental no aspecto tributario e na organización territorial do Estado.

135 **Segunda.**-Instar ao Goberno do Estado a impulsar a reforma do IBI, aos efectos de incluír unha bonificación potestativa da vivenda habitual de até o 90% da cota íntegra do imposto a favor dos suxeitos pasivos que acrediten unha situación económica de insuficiencia de rendas familiares.

140 **Terceira.**-Demandar das administracións públicas competentes a concreción da definición de vivenda desocupada a efectos do IBI e a regulación das vivendas de uso turístico.

Cuarta.-Impulsar a reformulación do IVTM como tributo de natureza medioambiental.

145 **Quinta.**-Demandar do Estado a revisión do deseño legal do Imposto sobre
o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU) definindo a
base imponible atendendo ás efectivas plusvalías, particularmente as
derivadas das actuacións urbanísticas, integrándoo co IRPF a través das
deducións oportunas para evitar dobres imposicións. Así mesmo, solicítase
150 que o Estado compense aos concellos pola perda ocasionadas derivadas
das sentencias do tribunal constitucional ao respecto.

Sexta.-Esixir que os concellos sexan compensados polo custo de xestión de
recadación dos tributos autonómicos que por lei teñan que realizar.

155 **Sétima.**-Reivindicar que os recursos que xera o Canon de Auga se dediquen
en exclusiva a investimentos e que ese destino se decida a través dun plan
autonómico ou provincial coa participación da FEGAMP no que se
establezan uns criterios de reparto obxectivos.

160 **Oitava.**-Instar á Xunta de Galicia para que a totalidade da recadación anual
en concepto de canón eólico se integre no Fondo de Compensación
Ambiental, distribuíndo a cantidade resultante en beneficio das entidades
locais.

165 **Novena.**-Recomendar ás administracións públicas competentes a
realización dunha metodoloxía común para a elaboración das memorias
económicas que deben acompañar as taxas e prezos públicos no que se
deben cuantificar os custos reais e efectivos dos servizos que as xeran para
unha mellora adecuación da recadación aos custos destes.

Décima.-Demandar do Estado a modificación da normativa en relación ás
Taxas por aproveitamento especial ou utilización do dominio público para
clarificar os criterios de cuantificación para cada tipo de taxas desta
tipoloxía así como a obriga de subministro de información por parte das

170 empresas necesaria para o cálculo da mesma e promover a elaboración de ordenanzas tipos para a simplificación e maior seguridade na súa aplicación.

Décimo primeira.-Potenciar o avance na implementación da telematización da xestión tributaria local potenciando a colaboración interadministrativa no intercambio de información nesta materia.

Décimo segunda.-Demandar das administracións públicas estatal e autonómica para que calquera modificación que implique un beneficio fiscal obrigatorio que minore os ingresos locais inclúa o seu correspondente mecanismo de compensación.

180

PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO(PIE)

Resumo do estado de situación: Modelo obsoleto con ineficiencias crecentes que xera desigualdades entre distintas administracións, prexudicando ás entidades locais, e tamén entre os propios concellos no reparto, prexudicando aos galegos. Este é o resultado dun sistema de financiamento local que sorprendentemente leva 15 anos sen modificación. Para afrontar o futuro, unha das fontes de financiamento básicas das entidades locais precisa de forma urxente unha reforma que permita claridade e neutralidade no cálculo da cantidade anual a repartir e uns criterios que minoren os desequilibrios crecentes que se están a producir entre os concellos, introducindo

Décimo terceira.-Reclamar ao Goberno do Estado para que de forma urxente impulse a reforma do sistema de financiamento da participación nos ingresos do estado das entidades locais recuperando os períodos quinquenais de revisión do modelo de reparto e establecendo que esta modificación debe realizarse sempre de forma simultánea á calquera reforma do sistema de financiamento autonómico.

Décimo cuarta.-Reclamar que o cálculo da cifra anual de participación nos ingresos do estado das entidades locais contemple os seguintes aspectos:

- Como mecanismo de axuste neutral ante as supostas reformas do sistema de financiamento autonómico, as entidades locais deben participar dos ingresos iniciais do Estado, independentemente das porcentaxes de cesión de determinados impostos que se negocien a posteriori entre as Comunidades Autónomas e o Estado.
- Utilización do criterio de devengo fronte ao criterio de caixa actual que evitaría problemáticas como a vixente do efecto SII do IVE.
- Incremento para o cálculo dos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) o número de impostos estatais respecto aos que actualmente se toman en consideración.
- Suprimir as limitacións da participación nos impostos estatais das entidades locais como ten ocorrido co incremento dos tipos de IVE,

205 parte da que se deixou fóra de participación a concellos e deputacións.

Décimo quinta.- Demandar que nos criterios de reparto da participación nos ingresos do estado se contemplen os seguintes aspectos:

- 210
- Criterios que compensen os desequilibrios que se están a producir entre o modelo xeral e de cesión.
 - Introducción de variables que inciden directamente no custo que na prestación de servizos teñen que asumir. Proponse engadir na fórmula de reparto as variables “superficie”, “número de entidades

215

 - “índice de envellecemento” de forma directa ou a través dun fondo específico integrado na participación, similar ao existente para as Comunidades Autónomas.
 - Reformulación do criterio “esfuerzo fiscal ” e “ inverso da capacidade tributaria” en aras de potenciar a corresponsabilidade fiscal.

220

Décimo sexta.- Esixir do Goberno do Estado que de forma urxente adopte fórmulas para compensar as perdas na liquidación definitiva da PIE correspondente ao ano 2017 derivadas da entrada en vigor do sistema de información inmediata do IVE (efecto SII) cuantificada no caso das entidades

225 locais galegas en máis de 50 millóns de euros.

Décimo sétima.- Instar ao Goberno do Estado para que se amplíen os supostos de consideración do réxime especial de concellos turísticos a efectos do financiamento do Estado. Singularmente, solicítase que se integren os concellos menores de 20.000 habitantes e que se teñan en

230 conta outras consideracións para a súa determinación como pode ser o termo de poboación vinculada.

235 FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL E SUBVENCIONS DA XUNTA ÁS ENTIDADES LOCAIS

Resumo do estado de situación: Tal e como versa a Carta Europea de Autonomía Local, "as subvencións concedidas ás Entidades locais non deben ser destinadas ao financiamento de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das Entidades locais, no seu propio ámbito de competencia". Actualmente, a Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma tan só representa o 33% sobre o total das transferencias que a Xunta de Galicia destina ás entidades locais. Ademais da proposta de medidas para incrementar os fondos no finalistas dos concellos provenientes da Xunta de Galicia, tamén se solicitan medidas para incentivar o equilibrio territorial e financeiro das entidades locais.

Décimo oitava.-Demandar do Goberno da Xunta de Galicia a aprobación dunha Lei autonómica específica de regulación da Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma dos concellos galegos consensuada coa Fegamp na que se clarifique a participación anual e os criterios de reparto.

Décimo novena.-Solicitar que nos criterios de reparto do FCL se contemplen os factores demográficos e territoriais que inciden no custo que os concellos asumen na prestación dos seus servizos (poboación, dispersión e envellecemento).

Vixésima.-Solicitar a progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións anuais que a Comunidade Autónoma destina ás entidades locais, para o maior respecto á autonomía financeira e á suficiencia local.

Vixésimo primeira.-Propónse a creación dun Fondo anual de infraestruturas destinado ás entidades locais formado por aquelas transferencias de capital dos distintos departamentos da Xunta de Galicia.

Vixésimo segunda.-En aras da transparencia e da corresponsabilidade débense prever instrumentos que permitan unha visualización anual das transferencias totais recibidas polas entidades locais de Galicia e establecer
260 medidas que equilibren a dotación anual percibida por cada unha delas.

265

270

GASTO E XESTIÓN MUNICIPAL

Resumo do estado de situación:As cifras avalan a responsabilidade que tiveron as entidades locais galegas nun contexto especialmente complexo. A pesares das grandes dificultades financeiras que sufriron nestes anos, con importante minoración dos seus orzamentos, os concellos souberon unha vez máis adaptarse a este novo marco, cumprindo de forma solvente coas premisas de estabilidade orzamentaria fixadas polo Goberno. Atendendo aos resultados acadados, enténdese que se deberían revisar a formulación das regras fiscais, que deberían tomar en consideración as distintas situacións en que se poden atopar as entidades locais e a necesidade de adopción de medidas e recomendacións que propicien unha optimización da xestión local nestes aspectos.

275

Vixésimo terceira.-Esixir a revisión da formulación das regras fiscais (estabilidade, sostibilidade, regra de gasto, etc) que deberían tomar en consideración as distintas situacións en que se poden atopar as Entidades Locais. Particularmente a regra de gasto só debería resultar de aplicación cando concorrese un incumprimento dalgunha das restantes.

280

Vixésimo cuarta.-Instar ao goberno a que se reformule á normativa en materia de regra de gasto, establecendo de forma xenérica un criterio claro de exclusión dos gastos atípicos e no que se teña en conta as modificacións que supoñan un incremento de ingresos estable e permanente das entidades locais.

285

Vixésimo quinta.-Reclamar a regulación dun réxime especial para os supostos de déficit derivados da aplicación do remanente de tesourería, eliminando o plan de axuste a elaborar nestes casos, así como as outras consecuencias derivadas de tal incumprimento.

290

Vixésimo sexta.-Instar ao Goberno para revisar a regulación e límites do endebedamento local coordinando a regulación xeral prevista na lei

295 reguladora de facendas locais coas limitacións específicas aprobadas
durante o período de crise.

Vixésimo sétima.-Demandar a flexibilización de utilización do remanente e
superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da
300 comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando
a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente.

Vixésimo oitava.-Esixir que as administracións públicas impulsen
modificación legislativas que permitan compaxinar os requirimentos de
305 concorrencia e competencia coa promoción e desenvolvemento da
actividade económica local, necesaria para a adecuada ordenación do
territorio en materia de contratación .

Vixésimo novena.-Reclamar que se eliminen as restricións á OPE en
310 materia de persoal, na medida en que, ao aplicarse de forma lineal para
todos, non permiten nin levar a cabo as necesarias accións de
estabilización, incidindo así na precarización, nin afrontar as necesidades
derivadas da evolución da entidade e dos novos servizos ou competencias
aos que ten que facer fronte, ao tempo que condiciona a autonomía local
315 na decisión de fórmulas de xestión.

COMPETENCIAS E SERVIZOS

Resumo do estado de situación: Nun contexto económico como no actual, as administracións públicas deben prestar os servizos coa maior eficiencia e eficacia posible. Para iso, é necesario que as competencias que teña cada administración deban ser plenas e completas. Por iso, é antieconómico que as entidades locais sigan asumindo gastos correspondentes a ámbitos competenciais doutras administracións sen ter mínima capacidade de xestión ou sen contar cos instrumentos necesarios para poder con liberdade adaptar o seu exercicio ás condicións locais.

Por outra banda, os poderes locais deben velar e ser esixentes para que os servizos que prestan teñan a máxima calidade posible e comprometerse conforme ao principio de maior achegamento aos cidadáns dentro do ámbito das súas competencias en materias que actualmente ocupan e preocupan moito á nosa sociedade como o despoboamento, a inclusión social en todos os seus ámbitos, a lacra da violencia de xénero ou a recente e crecente problemática das casas de apostas.

320 **Trixésima.**-Instar á Xunta de Galicia para que asuma os servizos da súa competencia actualmente prestados polas entidades locais como poden ser as Unidades Municipais de asistencia a drogodependencia (UMAD) e os Conservatorios profesionais de ensinanza media.

325 **Trixésimo primeira.**-Reclamar o establecemento dun procedemento permanente que permitan sufragar os gastos daqueles centros de saúde e consultorios integrados no Grupo II que non teñen posibilidade de realizar a cesión do inmovible, unha vez fixado o procedemento de asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde a cargo dos concellos integrados no Grupo I.

Trixésimo segunda.-Conforme ao compromiso acadado no acordo de desenvolvemento do pacto local de Galicia asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp, é preciso que as obrigas económicas que actualmente asumen

335 os concellos sen ter competencia nin capacidade de xestión sobre o gasto
sexan asumidas pola administración competente na materia, singularmente
os custos de electricidade, limpeza, conserxería e reparación e conservación
dos Centros de Ensinanza Infantil e Primaria derivados que actualmente
son sufragados polos concellos.

340

Trixésimo terceira.-Conforme ao compromiso acadado no acordo de
desenvolvemento do pacto local de Galicia, reiterar que se materialice o
compromiso adquirido pola Xunta de Galicia para asumir os custos relativos
aos xulgados de paz actualmente a cargo dos concellos .

345

Trixésimo cuarta.-A FEGAMP promoverá a elaboración dun estudo de
necesidades, custos e fontes de financiamento dos servizos sociais de
Galicia co obxectivo de establecer en coordinación coa Xunta de Galicia dun
modelo dotado de mecanismos xurídicos e financeiros estables que
350 permitan unha estrutura permanente dos servizos neste eido.

Trixésimo quinta.-Singularmente, solicítase o incremento do
financiamento por hora da cantidade aportada pola Xunta de Galicia en
relación ao Servizo de Axuda no Fogar en materia de dependencia.

355

Trixésimo sexta.-Potenciar a introdución de indicadores de calidade na
xestión dos servizos para lograr unha mellor eficiencia e eficacia na xestión
global, ao tempo que permita realizar unha valoración obxectiva e
comparada entre custo asumido, criterios de xestión e resultados
360 acadados.

Trixésimo sétima.-Impulsar metodoloxías de valoración do custo dos
servizos no que se teñan en conta criterios xerais que afectan ao custo da
prestación e ás unidades de referencia propias de cada un dos servizos, de
365 cara a que sexa utilizado para o establecemento dun financiamento

adequado e igualitario entre os distintos concellos en base ás súas especificidades.

370 **Trixésimo oitava.**-A FEGAMP seguira promovendo estudos específicos dos servizos de competencia local e a creación de bases de datos económicos que sirvan como instrumento para a mellora da xestión nos distintos concellos, singularmente na xestión do auga e dos Residuos Sólidos Urbanos.

375 **Trixésimo novena.**-Recomendar poñer os medios necesarios para a protección do pequeno e mediano comercio locais, tanto pola súa faceta económica como polo seu papel fundamental na dinamización e conservación da actividade.

380 **Cuadraxésima.**-Establecemento de políticas de fomento, formación e apoio na creación de modelos de negocio local que se vaian adaptando ás novas realidades sociais.

385 **Cuadraxésimo primeira.**-Recomendar a implantación de plans integrais de inclusión social que aborden o fomento do acceso ao traballo, á formación e a unha vivenda digna e que contrarresten dificultades que por razón de orixe, sexo, etnia, cultura ou relixión poidan ter os colectivos marxinados.

390 **Cuadraxésimo segunda.**-Reclamar o recoñecemento por parte da Comunidade Autónoma do relevante papel institucional da Fegamp nas tarefas de protección e defensa dos consumidores, nomeadamente nos concellos menores de 5.000 habitantes, co consecuente apoio económico.

395 **Cuadraxésimo terceira.**-Recomendar que dende os concellos se sigan impulsando medidas que permitan a conciliación corresponsable da vida laboral, persoal e familiar, consolidando o desenvolvemento de políticas

efectivas para que homes e mulleres poidan facer compatibles estes ámbitos nas súas vidas.

400 **Cuadraxésimo cuarta.**-Recomendar ás entidades locais que se potencien as políticas públicas que alenten a adopción responsable de formas de vida saudables desde idades temperás. Prestando especial atención ás diferenzas sociais e educativas no deseño de estratexias de envellecemento activo y saudable.

405

Cuadraxésimo quinta.-Recomendar que as entidades locais consoliden as políticas de igualdade e mellorar a integración da perspectiva de xénero en todos os ámbitos como estratexia de desenvolvemento social e económico e elemento clave na dinamización demográfica.

410

Cuadraxésimo sexta.- Demandar da administración competente os recursos económicos suficientes para poder levar a cabo actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero, competencia atribuída a través do Real Decreto-lei 9/2018 do Estado.

415

Cuadraxésimo sétima.-Potenciar medidas que fomenten a prestación de forma integrada e transversal de servizos (educación, sanidade, transporte, vivenda, dependencia) que cubran necesidades básicas.

420

Cuadraxésimo oitava.-A Fegamp seguirá impulsando a Axenda social única como guía de actuación en materia de política social en colaboración coa Xunta de Galicia.

425 **Cuadraxésimo novena.**-A Fegamp seguirá impulsando accións e procedementos que faciliten á poboación, especialmente no mundo rural, o

outorgamento do documento de instrucións previas respecto á Lei 5/2015 de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais.

- 430 **Quincuaxésima**.-Reclamar da Xunta de Galicia a modificación da Lei 14/1985, introducindo os controis precisos e ferramentas necesarias para o control e publicidade deste tipo de negocios e reforzando o control da presenza de menores nestes establecementos.